

MEMORIA EXPLICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN "SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "VACACIÓNS EN PAZ 2026".

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.23 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024 do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

En base a estas competencias, a Consellería de Política Social e Igualdade estima conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o desenvolvemento do programa Vacacións en Paz, que ten como obxectivo xeral trasladar a 111 nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses do período estival acollidos por familias galegas.

O convenio enmarcase dentro do proxecto do V Plan Director da cooperación galega 2023- 2026, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 2 de marzo de 2023, que establece unha serie de prioridades xeográficas, transversais e sectoriais, entre os que se atopa a continuidade do traballo coa Poboación Saharauí entre outras, desenvolto no que respecta ao ano 2025 polo Plan Anual da Cooperación Galega.

No Plan Anual da Cooperación Galega 2026 relaciónanse só as actuacións que se van a financiar no marco do programa orzamentario 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación, cuxa cuantificación se realizará ao final do exercicio.

Tanto pola experiencia en cooperación para o desenvolvemento desta asociación, como polos coñecementos específicos dos problemas que lle afectan ao pobo saharauí e polos traballos que con el vén realizando, en especial cos nenos procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en



Tindouf (Alxeria), esta organización está especialmente indicada para levar a cabo o programa "Vacacións en Paz 2026", polo que non resulta posible promover a concorrencia pública.

O artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as expresadas circunstancias no presente convenio.

Orzamento ano 2026

O Programa Vacacións en Paz 2026 en Galicia ten un custo global estimado de 509.431,94 € dos que a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 100.000,00 €, destinados exclusivamente as actuacións obxecto deste convenio. Dito importe vén reflectido no Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, partida orzamentaria 08.02.312B.481.0.

A devandita achega económica límitase á compensación de gastos desagregados no Anexo e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

O presente convenio entrará en vigor a data da súa sinatura e os seus efectos estenderanse ata o 30 de novembro de 2026.

Tendo en conta que este convenio prevé un pago anticipado polo total do importe da subvención, 100.000 euros, ao abeiro do disposto no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a sinatura deste convenio precisará de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

